

# FRÁGIL EQUILIBRIO

[Guillermo García López, 2016]

# 186

ESTREA EN NUMAX: 30.12.2016 | V.O.S.E. | +12

## FICHA TÉCNICA

*Frágil equilibrio* (2016, 81')

**Dirección:** Guillermo García López

**Guión:** Guillermo García López

**Montaxe:** Guillermo García López, Victoria Lammes

**Son:** José Luis Alcaine Bartolomé

**Música:** Zeltia Montes

**Fotografía:** Pablo Bürmann

**Produtora:** Sintagma Films (España)

**Distribuidora:** Caramel Films España

**Formato de proxección:** DCP 2K, 2.35:1

**Idioma orixinal:** Español, inglés, francés, xaponés

## FESTIVAIS

Goya 2016 (dúas nominacións ao mellor documental), Seminci 2016 (mellor longametraxe documental española), International Documentary Film Festival Amsterdam 2016 (sección oficial), Xixón 2016 (sección oficial)

## SINOPSE

Tres historias de contradicións que se desenvolven en distintos lugares do planeta, en distintos ámbitos socioculturais. Estas historias artéllanse a través das palabras de José Mujica, ex-Presidente de Uruguai, quen no filme aborda cuestións universais que ameazan a humanidade.

«Un político insólito inspira un documental insólito que inspira a moitas persoas: acontecemento inusual nestes tempos que corren»

Laura de Santos. ELDIARIO.ES



# FRÁGIL EQUILIBRIO

[Guillermo García López, 2016]

## “As fronteiras que habería que derrubar son as xeradas polo desnivel, a desigualdade”

**Entrevista con Guillermo García López**  
Por Begoña Piña

**Cales son os principais desafíos e as principais oportunidades dun mundo globalizado?** O desafío fundamental é a vida. Moitas persoas no mundo loitan por sobrevivir, por se manter con vida. Outras poden sobrevivir posto que a súa contorna non é tan agresiva, mais non se senten vivos en absoluto. Mortos en vida. Un dos principais desafíos presentados en *Frágil equilibrio* é o de acadar o noso propio espazo de liberdade onde estarmos vivos e tomar decisións reais.

**Elixiches tres historias que teñen a ver con inmigración, traballo, crise económica e desafuzamentos. Son os problemas máis graves aos que se enfronta o ser humano neste sistema?** Son problemas que representan algúns defectos colaterais dun sistema que fai augas por todas partes e que xera un estado de deshumanización das persoas. Nas tres historias, os personaxes vense afastados da posibilidade de decisión sobre as súas propias vidas. En *Frágil equilibrio* é a vida o que importa, queremos pór en evidencia certos procesos que se levan a cabo neste sistema polos que os seres humanos deixan de se sentir vivos. Queremos marcar as diferencias entre sobrevivir e vivir. Entre sentirse arrastrados ou levar as rendas.

**Outra historia de *Frágil equilibrio* é a dos emigrantes subsaharianos que tentan chegar a Europa, continente que está a dar un espectáculo lamentábel. A solución obvia é acabar coas fronteiras? É posíbel?** É paradoxal a situación da fronteira sur de Europa, onde se tenta frear un proceso creado desde aquí, coas colonizacións, coa corrupción dos gobernos africanos, coa debilitación dun continente cun potencial enorme, co poder de atracción de Occidente, que vende nos seus anuncios, na MTV, un mundo maravilloso que en realidade non o é tanto. Interesa

que haxa unha fronteira, interesa que haxa un desnivel. Si, probablemente unha revisión das fronteiras, das divisións no mundo, sería un bo camiño cara ao benestar de moitas persoas. Mais as fronteiras que habería que derrubar son as xeradas polo desnivel, a desigualdade. A fronteira que divide ao explotador do explotado. Derrubar esas fronteiras e sentir os problemas que suceden no outro lado do planeta coma nosos axudaría moito a atopar solucións tan obvias como inimigas das leis do libre mercado.

**Das palabras de Mujica, que foi o que máis te impresionou?** Abraíoume a sinxeleza, a maneira de abordar asuntos tan profundos con tanta claridade e un sentido tan humanista. Falamos de moitas cousas, percorremos camiños que teñen que ver estreitamente co humano, que son os que quere explorar o filme: a soidade, a ambición, a liberdade, a felicidade, a identidade, o amor...

Lembro as súas palabras cando falabamos da importancia da vida por riba de calquera interese: «Os filmes explotan o amor, para transformalo nun negocio. Mais o amor é a evidencia meirande que hai das cousas vivas, sobre o planeta. O mundo vivo, e falo da vida en xeral, é como unha cousa fráxil, fermosa, a navegar no medio da soidade do universo, do silencio mineral, das leis da física. Por iso a vida é un milagre. E hai que coidala. Ten unha dignidade infinitamente superior polas súas complexidades ao que pode ter o silencio mineral. O mundo é hidróxeno, acomodado a unha cousa. A vida é outra cousa! E un dos motores, o motor máis importante é o amor e todas as formas de expresión que ten o amor».

**A clave é a cooperación, a solidariedade, a unidade...?**

Faciámonos numerosas preguntas e acudimos a José Mujica como guía para atopar posíbeis respostas. El formula, efectivamente, elementos clave como a solidariedade, o entendemento, o amor, o autocontrol, a práctica da liberdade. Os problemas do mundo arránxanos as persoas de forma activa, reflexionando, reuníndose, falando, traballando a pé de rúa. Loitando. Segundo José Mujica, a clave é a loita. A loita pola vida en todos os seus aspectos.

Publicado en [www.publico.es/](http://www.publico.es/)  
Tradución ao galego: Xan Gómez Viñas

Un cinema,  
unha librería  
e un laboratorio  
de gráfica e vídeo

# NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega  
Concepción Arenal, 9 baixo  
15702 Santiago de Compostela  
TELF 981 560 250 | [www.numax.org](http://www.numax.org)

  
**EUROPA CINEMAS**  
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME